



## INFORME DE INTERVENCIÓN

### CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE

**INT/2026/000322**

**Ref informe: JFC/567/2026**

**ASUNTO:** EXPEDIENTE DE CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMO E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/SC/2026 E DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/CE/2026 POR IMPORTE DE 942.423,66 €.

Incoado mediante Providencia da Concelleira delegada de Facenda de data 19/05/2025, expediente para o cambio de finalidade de determinados préstamos e de modificación orzamentaria mediante a figura do suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiado con baixas en aplicacións orzamentarias de gastos, que a seguir se indican:

- Expediente **Nº 01/CF/2026** de Cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamo a longo prazo concertadas e ingresadas nos exercicios 2024 e 2025 afectas aos seguintes proxectos de gasto coa correspondente modificación dos anexos de investimentos:

| APLICACIÓN ORZ. |       | PROXECTO       | DENOMINACIÓN                                                        | CRÉDITO DISPOÑIBLE | CAMBIO FINALIDADE | AXENTE FINANCIADOR                               |
|-----------------|-------|----------------|---------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------------|--------------------------------------------------|
| 342             | 62200 | 2024-2-PREST-1 | AMPLIACIÓN<br>INSTALACIÓNS<br>PISCINAS MUNICIPAIS<br>DE FONTECARMOA | 3.005.067,71       | 692.423,66        | BANCO<br>SABADELL(PTMO<br>ANEXO INVEST.<br>2024) |
| 1722            | 60900 | 2025-2-PREST-2 | PRAIAS PREGUNTOIRO<br>E BAMIO                                       | 250.000,00         | 250.000,00        | ABANCA (PTMO<br>ANEXO INVEST.<br>2025)           |
|                 |       |                |                                                                     | 3.255.067,71       | 942.423,66        |                                                  |

- Expediente **Nº 01/SC/2026** de modificación de crédito mediante suplemento de crédito financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranche no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de **150.000,00 €** para atender as seguintes actuacións:





| APLICACIÓN ORZ. |       | PROXECTO        | DENOMINACIÓN                                   | IMPORTE SUPLEMENTO | AXENTE FINANCIADOR                      | TOTAL FINANCIADO |
|-----------------|-------|-----------------|------------------------------------------------|--------------------|-----------------------------------------|------------------|
| 1530            | 61900 | 2024-2-PREST-16 | MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE | 150.000,00         | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) | 150.000,00       |
|                 |       |                 |                                                | <b>150.000,00</b>  |                                         | 150.000,00       |

- Expediente **Nº 01/CE/2026** de modificación de crédito mediante crédito extraordinario, financiado con baixa na aplicación 342-62200 procedente do sobranche no proxecto 2024-2-PREST-1 e por importe de **542.423,66€** para atender as seguintes actuacións:

| APLICACIÓN ORZ. |         | PROXECTO       | DENOMINACIÓN                                                            | IMPORTE           | AXENTE FINANCIADOR                      | TOTAL FINANCIADO |
|-----------------|---------|----------------|-------------------------------------------------------------------------|-------------------|-----------------------------------------|------------------|
| 1530            | 6190019 | 2026-2-EDIL-4  | REHABILITACIÓN E HUMANIZACIÓN DO ESPAZO URBANO EN CARRIL: ADUANA E CRUZ | 480.000,00        | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) | 480.000,00       |
| 334             | 63200   | 2026-2-PREST-1 | RESTAURACIÓN AUDITORIO                                                  | 62.423,66         | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) | 62.423,66        |
|                 |         |                |                                                                         | <b>542.423,66</b> |                                         | 542.423,66       |

Esta Intervención, ó abeiro do establecido no artigo 177 do TRLFL 2/2004, así como do disposto na Providencia da alcaldía sinalada, emite o seguinte

## INFORME

### I) Normativa de aplicación.-

- R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, Texto refundido da L.R.F.L.
- Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local
- RD 500/1990, Regulamento orzamentario
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local modificada pola Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución del modelo normal de contabilidade local.
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.





- Bases de Execución do orzamento vixente.

## II) Antecedentes e supostos de feito que motivan o presente expediente:

As modificacións de crédito propostos no presente expediente obedecen á necesidade de acometer diversas actuacións urxentes xustificadas polo Sr. Alcalde na Memoria que figura no expediente.

### a) Estado do financiamento afectado e viabilidade da modificación.-

En relación ó estado de situación do **financiamento afectado** por importe de **942.423,66€**, dos antecedentes que obran no meu poder, e dos datos subministrados pola Contabilidade e polo estado de situación dos proxectos de gasto financiados con financiamento afectado, estes amosan o grado de execución que se recolle en cada un deles, quedando acreditado que para os proxectos de gastos relacionados existe o importe indicado que ascende a un total de **942.423,66€**.

| APLICACIÓN ORZ. |       | PROXECTO       | DENOMINACIÓN                                                           | CRÉDITO DISPOÑIBLE | CAMBIO FINALIDADE | AXENTE FINANCIADOR                               |
|-----------------|-------|----------------|------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------------|--------------------------------------------------|
| 342             | 62200 | 2024-2-PREST-1 | AMPLIACIÓN<br>INSTALACIÓNS<br>PISCINAS<br>MUNICIPAIS DE<br>FONTECARMOA | 3.005.067,71       | 692.423,66        | BANCO<br>SABADELL(PTMO<br>ANEXO INVEST.<br>2024) |
| 1722            | 60900 | 2025-2-PREST-2 | PRAIAS<br>PREGUNTOIRO E<br>BAMIO                                       | 250.000,00         | 250.000,00        | ABANCA (PTMO<br>ANEXO INVEST.<br>2025)           |
|                 |       |                |                                                                        | 3.255.067,71       | 942.423,66        |                                                  |

Co presente expediente as unidades executivas a través da proposta da Concelleira de Facenda, desisten da utilización dos remanentes das citadas obras, e que xa foron obxecto de incorporación ao orzamento 2026 mediante o pertinente expediente de modificación orzamentaria.

O importe de **942.423,66€** para o que se propón o cambio de finalidade dos préstamos está recollido no concepto 87010 do estado de ingresos (previa incorporación de remanentes de créditos aprobada por resolución de Alcaldía) ao tratarse de préstamos a longo prazo xa ingresados procedentes dos exercicios 2024 e 2025; son ingresos afectados aos proxectos





arriba indicados para os que se deberá desistir expresamente da súa execución co fin de destinar os sobrantes a finalidades distintas.

De conformidade co sinalado nos artigo 49 do TRLRFL, os préstamos, ingresos patrimoniais e as achegas procedentes de convenios urbanísticos, son ingresos afectados a gastos de inversións, carácter afectado que se cumpre co presente expediente, á vista dos proxectos que pretenden financiarse cos créditos propostos.

Dado que o destino dos fondos procedentes do préstamo aos que se pretende cambiar a finalidade, foi obxecto de determinación plenaria a través da aprobación do Anexo de Inversións que acompañaba como documentación complementaria ó correspondente orzamento, o cambio pretendido no seu destino ten que ser á súa vez aprobado polo Pleno Corporativo.

**b) Particularidades dos proxectos indicados para o cambio de finalidade:**

**Proxecto 2024-2-PREST-1 “AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA”:**

Débese indicar que a proposta de utilización do remanente ven xustificada pola inclusión de dito proxecto no Plan de Actuación Integrado (PAI) “CONTRUYENDO VILAGARCÍA: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDADE E SUSTENTABILIDADE” aprobado polo Pleno en sesión de 27/02/2025 e para o que se solicitou unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de 3.883.711,40€ euros, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027 (Fondos EDIL).

Segundo Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se concede a ao Concello de Vilagarcía de Arousa, como Organismo Intermedio Lixeiro (OIL), unha asignación de senda FEDER de 3.872.912,00Euros, equivalente a unha taxa de cofinanciamento do 60% do investimento proposto(6.454.853,00 Euros),debendo aportar o Concello a cuantía de 2.581.941,00 €.

En vista desta Resolución, no expediente CONTRAT/2023/34, esta Intervención emitiu o 31/03/2026 unha Nota na que se indicaba a existencia dun sobranse no financiamento do proxecto de 2.005.067,70€ sempre que os financiamentos externos sexan compatibles e se xustifiquen en tempo e forma.





A maiores, consta nesta Intervención, proposta do Alcalde como presidente do Comité de Dirección do OIL dos Fondos EDIL, de incoación de expediente de Xeración de crédito, en base á antedita Resolución, que para o proxecto indicado solicita:

2. Ampliación instalacións piscinas municipais de Fontecarmoa (2024/2/PREST/1):

|                           |                     |                     | 2026                |                     |                     |
|---------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS | GASTO TOTAL         | ACHEGA MUNICIPAL    | GASTO               | XERACIÓN CRÉDITO    | ACHEGA MUNICIPAL    |
| 342-6220019               | 3.175.114,50        | 1.270.045,80        | 3.175.114,50        | 1.905.068,70        | 1.270.045,80        |
|                           |                     |                     |                     |                     |                     |
| <b>TOTAL</b>              | <b>3.175.114,50</b> | <b>1.270.045,80</b> | <b>3.175.114,50</b> | <b>1.905.068,70</b> | <b>1.270.045,80</b> |

Polo tanto a aparición dun novo Axente Financiador permite a liberación de fondos do proxecto para poder dedicalos a outras finalidades, si ben, previamente á exposición pública de esta modificación orzamentaria deberá terse resolto o expediente de Xeración proposto.

A maiores da modificación do Anexo de Investimentos correspondente, este novo Axente Financiador, deberá ter reflexo no PCAP do proxecto indicado, polo que unha vez resolto o expediente de Xeración debe procederse á modificación de dito documento.

**Proxecto 2025-2-PREST-2 “PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO”:**

Respecto deste proxecto a modificación proposta é puramente un cambio na finalidade do proxecto **sen implicación orzamentaria**, xa que o proposto é o cambio do destino para recoller actuacións que abarcan á xeneralidade dos areas municipais.

**III) Viabilidade financeira e orzamentaria da modificación:**

**No referente á viabilidade financeira da modificación**, con base nos cálculos detallados no derradeiro informe sobre o cálculo do Período Medio de Pago (1º trimestre/2026) non se cumpre o obxectivo da sustentabilidade financeira<sup>1</sup>, de acordo co artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e

<sup>1</sup> De acuerdo con el artículo 4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, se entiende por sostenibilidad financiera la capacidad para financiar compromisos de gasto presentes y futuros dentro de los límites de déficit, deuda pública y morosidad de deuda comercial conforme a lo establecido en dicha Ley, la normativa sobre morosidad y en la normativa europea. Se entiende que existe sostenibilidad de la deuda comercial, cuando el periodo medio de pago a los proveedores no supere el plazo máximo previsto en la normativa sobre morosidad.





Sustentabilidade Financeira, se ben este incumprimento é consecuencia de desaxustes na tramitación administrativa e orzamentaria que a Corporación debe arranxar (problemas de baixas de persoal, deficiente planificación orzamentaria, ...) sen que sexa, a día de hoxe, consecuencia de problemas financeiros como ven de indicar a liquidación orzamentaria do exercicio 2025 e os fondos líquidos recollidos no estado de remanente de tesourería que se recolle no citado expediente.

#### **IV) Actuacións a seguir na modificación orzamentaria por suplemento de crédito e crédito extraordinario:**

De conformidade coa Providencia da Concelleira delegada de Facenda de data 19 de maio de 2026, os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son a baixa de créditos de gastos de aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo do exercicio 2024 por importe de **692.423,66€**, xunto cunha modificación de finalidade recollida no anexo de investimentos como “PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO” por importe de **250.000,00€** que se vai destinar ao acondicionamento das zonas de praia municipais e non exclusivamente ás indicadas, **totalizando o importe de 942.423,66€ recollido no expediente.**

En canto a motivación pola que se desiste das actuacións indicadas, esta é xustificada polo Alcalde na memoria que se recolle no expediente, sendo responsabilidade do equipo de goberno o que alí se indica por canto esta Intervención descoñece a realidade da previsións de desenvolvemento orzamentario destes proxectos ao carecer de datos sobre o particular.

#### **V) Repercusións económicas e orzamentarias.-**

Á data actual os fondos que financiarán esta modificación xa están recollidos no orzamento de gastos deste exercicio, para os que se teñen realizado as retencións de crédito que se recollen no expediente e que suman a totalidade da proposta de modificación de crédito.

A aplicación dos préstamos e dos ingresos procedentes de convenios urbanísticos así como da venda de parcelas á realización de inversións non previstas inicialmente podería realizarse (Consulta 5/94 da IGAE):





- Limitándose a identificar entre os gastos previstos, os que vaian a financiarse co ingreso afectado (non supón modificación orzamentaria). Esta medida resulta especialmente aconsellable polo que supón de aforro orzamentario.
- Incrementar os créditos por operacións de capital, como máximo ata o importe do devandito ingreso, mediante a pertinente modificación orzamentaria (neste caso, mediante baixas por anulación, por estar recollida no orzamento a aplicación de procedencia).

Coas presentes modificacións, que acompañan ó expediente de suplemento de crédito **Nº 01/SC/2026** e de crédito extraordinario **01/CE/2026** óptase pola segunda opción, o que orixina unha modificación no orzamento de gastos.

#### **VI) Natureza da modificación orzamentaria: Modificación de crédito por crédito extraordinario e suplemento de crédito.**

Os suplementos de crédito e créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito suficiente, (artigo 177 texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 35.1 RD 500/1990).

Este tipo de modificación orzamentaria está regulada nos artigos 177 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de Abril. As baixas por anulación propostas neste expediente como recurso para financiar a modificación, se regulan nos artigos 177.4 TRLRFL e 36.1.c) RD 500/1990: *“1. Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, poderán financiarse indistintamente con algún o algúns dos seguintes recursos:*

*(...)*

*c) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estime reducible sen perturbación do respectivo servizo...”*





**VII) Destino do cambio de finalidade, unha vez tramitada a modificación de crédito.- modificación do ANEXO DE INVERSIÓN:**

Unha vez aprobado definitivamente o presente expediente, o orzamento e o Anexo de investimentos modificarase para a inclusión dos cambios nos proxectos con arranxo ao seguinte esquema de financiamento, que se verá modificado nos seguintes termos:

| BAIXAS POR ANULACIÓN |       |                |                                                            |                    |                                         |
|----------------------|-------|----------------|------------------------------------------------------------|--------------------|-----------------------------------------|
| APLICACIÓN ORZ.      |       | PROXECTO       | DENOMINACIÓN                                               | CRÉDITO DISPONIBLE | AXENTE FINANCIADOR                      |
| 342                  | 62200 | 2024-2-PREST-1 | AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA | 3.005.067,71       | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) |

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO |       |                 |                                                |                    |                                         |
|-----------------------|-------|-----------------|------------------------------------------------|--------------------|-----------------------------------------|
| APLICACIÓN ORZ.       |       | PROXECTO        | DENOMINACIÓN                                   | IMPORTE SUPLEMENTO | AXENTE FINANCIADOR                      |
| 1530                  | 61900 | 2024-2-PREST-16 | MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE | 150.000,00         | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) |
|                       |       |                 |                                                | 150.000,00         |                                         |

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO |         |                |                                                                         |            |                                         |
|------------------------|---------|----------------|-------------------------------------------------------------------------|------------|-----------------------------------------|
| APLICACIÓN ORZ.        |         | PROXECTO       | DENOMINACIÓN                                                            | IMPORTE    | AXENTE FINANCIADOR                      |
| 1530                   | 6190019 | 2026-2-EDIL-4  | REHABILITACIÓN E HUMANIZACIÓN DO ESPAZO URBANO EN CARRIL: ADUANA E CRUZ | 480.000,00 | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) |
| 334                    | 63200   | 2026-2-PREST-1 | RESTAURACIÓN AUDITORIO                                                  | 62.423,66  | BANCO SABADELL(PTMO ANEXO INVEST. 2024) |
|                        |         |                |                                                                         | 542.423,66 |                                         |

| CAMBIO FINALIDADE |       |                |                   |            |                                  |
|-------------------|-------|----------------|-------------------|------------|----------------------------------|
| APLICACIÓN ORZ.   |       | PROXECTO       | DENOMINACIÓN      | IMPORTE    | AXENTE FINANCIADOR               |
| 1722              | 60900 | 2025-2-PREST-2 | PRAIAS VILAGARCÍA | 250.000,00 | ABANCA (PTMO ANEXO INVEST. 2025) |
|                   |       |                |                   | 250.000,00 |                                  |



### **VIII) Inexistencia ou insuficiencia no crédito:**

Non existe no estado de gastos do Orzamento 2026 vixente (prorrogado do exercicio 2025), crédito suficiente destinado a esta finalidade específica nas aplicacións de imputación.

Cabe a maiores, indicar que estas aplicacións non teñen carácter de ampliable.

### **IX) Estabilidade Orzamentaria:**

A LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, establece a necesidade de que as entidades locais se suxeiten ó principio de estabilidade orzamentaria na elaboración, aprobación e **execución dos seus orzamentos** e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos. Así o artigo 3 dispón que “(...) Se entenderá por *estabilidad presupuestaria la situación de equilibrio o superávit estructural(...)*”.

Pola súa parte, o artigo 11 da mesma norma, establece “ (...) *Las Corporaciones Locales deberán mantener una posición de equilibrio o superávit presupuestario; Para el cálculo del déficit estructural se aplicará la metodología utilizada por la Comisión Europea en el marco de la normativa de estabilidad presupuestaria(...)*”

Dentro deste panorama lexislativo, toda actuación que afecte os gastos e ingresos debe ser valorada dende o punto de vista, no so da estabilidade, se non tamén en canto o cumprimento da regra do gasto.

Con carácter previo a entrada en vigor da mencionada LO2/2012, cada modificación orzamentaria era obxecto de análise individualizada co fin de que, con carácter previo á liquidación de cada exercicio corrente, cando menos, se puidese aventurar e advertir por parte da intervención, dunha posible desviación dos obxectivos de estabilidade e equilibrio orzamentario, evitando así unha liquidación negativa irreversible.

Actualmente, as prolíferas obrigas de subministro de información previstas na Orden HAP/2105/2012, de desenvolvemento da Lo 2/2012, implican unha continua labor de fiscalización, así como de rendición de información o Ministerio de Facenda, facendo posible un seguimento financeiro e orzamentario de carácter continuado, durante todo o exercicio económico.

En concreto, a través dos informes de execución trimestral do orzamento, regulados no artigo 16 da mencionada Orde, se remitirá información relativa a:





*“(...) Antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá la siguiente información:*

- 1. La actualización de los presupuestos en ejecución, incorporadas las **modificaciones presupuestarias ya tramitadas y/o las previstas tramitar** hasta final de año, y de las previsiones de ingresos y gastos de las entidades sujetas al Plan general de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales, y sus estados complementarios.*
- 2. Las obligaciones frente a terceros, vencidas, líquidas, exigibles, no imputadas a presupuesto.*
- 3. La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.*
- 4. La actualización del informe de la intervención del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.*
- 5. Un resumen del estado de ejecución del presupuesto acumulado a final de cada trimestre, de los ingresos y gastos del presupuesto, y de sus estados complementarios, con indicación de los derechos recaudados del ejercicio corriente y de los ejercicios cerrados y las desviaciones respecto a las previsiones.(...)”*

En consecuencia, enténdese que non é preciso fiscalizar individualizadamente cada expediente de modificación orzamentaria, remitíndome o informe trimestral do artigo 16 que corresponda en función data da entrada en vigor das modificacións, non obstante, **advírtese que inda que a liquidación do orzamento 2025 amosou estabilidade en termos consolidados cun superávit de 1.703.603,07€, evidentemente, este tipo de modificacións orzamentarias, propician inestabilidade, por canto a execución en materia de gastos non vai a contar con contrapartida no estado de ingresos ao estar financiado con recursos xa ingresados e que non darán lugar a recoñecemento de dereitos (créditos previamente incorporados). Sendo este tipo de actuacións as que poden levar a que unha finalizado o exercicio 2026 a Corporación teña que aprobar un Plan Económico Financeiro que permita corrixir a desviación que se poida producir, se ben, trimestralmente por parte desta Intervención será analizada a evolución plantexando medidas correctivas previamente ao peche deste exercicio 2026, no caso se que sexan precisas.**





**X) Tramitación e aprobación do expediente de modificación créditos.**

Segundo os artigos 177.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de modificación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Orzamentos, é dicir:

- Proposta con Memoria xustificativa
- Informe preceptivo da Intervención Municipal
- Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Facenda, Patrimonio e Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local)
- Exposición ó público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.
- O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquera caso si non se resoven no acordo de aprobación definitiva.
- O expediente de modificación de créditos, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios.
- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda.
- A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.





- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

Como regra xeral a modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación da aprobación definitiva, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

**CONCLUSIÓN.** No exercicio do control permanente previsto legalmente, **infórmase favorablemente** a proposta de modificación orzamentaria mediante a figura de suplemento de crédito nº **01/SC/2026** por importe de **150.000,00€** e de Crédito extraordinario nº **01/CE/2026** por importe de **542.423,66€**, financiado coa **baixa no crédito** da aplicación **342-62200** procedente do sobranche no proxecto 2024-2-PREST-1 xunto coa proposta de cambio de finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo dos exercicios 2024 e 2025 **por importe global de 692.423,66€, e modificación de finalidade** recollida no anexo de investimentos do ano 2025 como “PRAIAS PREGUNTOIRO E BAMIO” por importe de **250.000,00€**

Este informe, emitido cos limitados medios técnicos e humanos cos que conta este departamento, sométese calquera a outro con mellor criterio fundamentado en dereito.

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

A Técnica de Administración Xeral,

O Interventor,

